



# CRISTINA RAMALLO

AVOGADA PENALISTA E  
VICEPRESIDENTA DE AMNISTÍA  
INTERNACIONAL GALICIA

*"Teño un pensamento que hoxe se diría activista,  
pero a min gústame dicir militante".*

*"Cada persoa ten a potencialidade interna de facer ben a  
outras, escoller ese camiño ou o contrario, é o que define  
o problema e a solución".*

Nacín en Uruguai no 1969, teño orixes paternas e maternas en Culleredo e Ferrol e parte da miña crianza transcorreu na Arxentina. Non podería escoller por cal dos tres países sinto máis amor, inda que confeso que me define un modo de ser que ten moito que ver coa Arxentina, son moi ríopratense. Desde a miña chegada aquí ningún lugar me foi alleo, dalgún xeito foi pechar a historia de meu avó que se despediu da súa familia con vinte anos e nunca puido regresar a Galicia, de feito, morreu antes do remate da ditadura franquista. E si, gústame percorrer cada paisaxe deste lugar, as súas festas, as súas comidas, cazar postas de sol e principalmente as moitas amigas que teño aquí. En Galicia estou na miña casa.

Tamén sinto que son mestura de todo o vivido, de cada lugar polo que pasei e de cada persoa que coñecín. Cada recuncho do meu corpo fala: inmigrante, muller, clase media-baixa, sei o que sente unha muller inmigrante, sei o que é o desarraigo e a morriña, e iso é unha parte importante de min que non só non me nubra a mirada, senón que a enriquece.

A miña vida non foi doada, desde nena traballaba, e a condición política de meu tío que pertencía ao Movemento de Liberación Nacional dos Tupamaru, xunto co compromiso político de meu pai, fixo que de nena vivira con confusión e medo o que acontecía na Arxentina dos anos 70. Recoñézome na idea de que o compromiso é obrigado porque no momento da ditadura non se discutía, era unha demanda. De nena miraba unha serie dun avogado chamado "Petrocelli" e quería ser o que el representaba; tamén lembro cando axudaba a meu pai a facer pancartas para pegar na fábrica na que traballaba como delegado sindical, iso foi forxando en min a idea de loita. Teño un pensamento que hoxe se diría activista, pero a min gústame dicir militante.

A loita sindical de meu pai fíxome ver como nas xuntanzas políticas se discutía polos xeitos de mudar o mundo, ás veces quedabamos até moi tarde e era apaixonante, víase a necesidade de buscar

alianzas e de convencer ao outro. Na adolescencia recoñecíame máis na xente de acción, buscaba incoherencias e iso facíame ver opcións políticas diversas: MID, Peronismo, Radicalismo, quedei encantada co carisma de Raúl Alfonsín.

Na Universidade optei pola carreira de Historia, a miña carreira de corazón, comecei por suxestión dunha boa amiga e atrapoume en dous sentidos, polo descubrimento da investigación científica e rigorosa e tamén polo profundo amor que se xeraba nas aulas. Hai momentos máxicos nas aulas onde o vínculo tórnase verdadeiramente humano e transcendente.

A tese de doutoramento de Historia tituleina "Loucura e Cárcere", foi unha busca para revisar historicamente onde a sociedade envía o que incomoda. A onde é que envían a quen non cumpre os parámetros? Ao cárcere e aos psiquiátricos.

Logo estudei Dereito na Universidade de Bos Aires e fixen a tese de doutoramento no Departamento de Dereito Procesal da Universidade da Coruña. Enfoquei o estudo nunha análise comparativa da proba de ADN, que incluía o desenvolvemento desa proba en Europa e América Latina, especialmente na Arxentina, onde se deu un desenvolvemento temperá coa utilización na busca de fillos e netos de desaparecidos na ditadura.

Como penalista tamén vivín a dificultade dun ambiente hostil no que había que demostrar a valía, nas visitas de clientes ao cárcere, por exemplo, a presenza dunha muller avogada non era habitual.

Actualmente e, desde hai uns poucos meses, son Secretaria e Vicepresidenta de Amnistía Galicia representando ao grupo de Coruña, ao que pertenzo desde hai algúns anos. Temos recorrido escolas dando obradoiros, charlas e conferencias de Dereitos Humanos, sempre ligados ao exercicio práctico: Bullying, Grooming, Violencia de Xénero e Igualdade.

Cando imos coa Rede de Escolas de Amnistía convido ao alumnado que busque unha causa pola que loitar, porque para min isto foi un motor.

Aportar esa mirada distinta, combater o que é cómodo pero non é xusto e ofrecer outra narrativa posible é fundamental, desde a convicción de que cada persoa ten no seu interior a potencialidade de facer ben a outras.

A día de hoxe segue afectándome a desigualdade, a pobreza endémica ou os pasos cara atrás en Afganistán ou en Chile, pero tamén recoñezo cansazo, porque moitas veces atopeime soa e iso desilusiona e pasa factura. Por iso digo que agora estou a refinar os métodos, desde a crenza con todas as miñas forzas de que un mundo mellor é posible e, como dicimos en Amnistía, o mundo non vai cambiar só, precísase do noso compromiso e entrega desde onde cada unha poida, pero a min xa non me toca ter o coitelo entre os dentes, iso queda para os máis xoves.

